AVÓ, POR QUE NÓS FALAMOS GALEGO?

Vou seguir contándovos algunha cousa de Alberte. Xa vos dixen noutro conto que Alberte falaba moito co seu avó e que, grazas a el, aprendeu a valorar moito os contos.Pois hoxe vouvos contar como aprendeu a valorar tamén o galego.

Alberte naceu nunha cidade de A Coruña. Os seus pais traballaban alí e, cando tiña 6 meses, á súa nai cambiáronlle o traballo para unha vila de Lugo e, polo tanto, el foise con ela para a aldea dos seus avós, que estaba preto da vila.

Na aldea, Alberte pasaba o tempo xogando ás pas cun amigo da súa idade, nun camiño diante da casa e tamén nun alpendre, onde gardaban a herba seca. Uns amigos regaláranlle un tractor amarelo e, cando vía que os avós collían o tractor grande vermello para ir buscar comida para as vacas, el dicía:

- Avó, espera por min, que vou eu tamén!
- Veeeeña, vente looogo!- dicía o avó Toño- Pero vai pola dereita, de acordo?

A avoa Amparo tamén estaba pendente do neno e insistíalle no que lle dicía o avó de ir pola dereita, pois era moi importante. Alberte subía ao seu tractor e ía detrás o máis apurado posible.

Tamén lle gustaba moito andar entre as vacas, mirando as galiñas, dándolle de comer aos porcos coa súa avoa e, tan pronto podía, xogaba co veciño.

Alberte só falaba galego na súa aldea, coa familia e cos veciños. Non lle gustaba nada a tele porque el gozaba moito estando fóra cos seus avós. Pola noite, o que facía, era irse á cama co avó para que lle contase contos e historias.

Pero, cando Alberte cumpriu os 3 anos, a súa vida cambiou totalmente. Tiña que empezar o colexio e tiña que vir para Ferrol, pois os seus pais volveron cambiar de destino no seu traballo. Iso supuxo un problema moi forte para el. Pasou de estar libre coma o vento, sen preocuparse do tráfico, nin de horarios, nin de tarefas, a estar metido nun piso.

Ao primeiro, pasaba o tempo petando na porta do piso, chorando e dicíndolle aos seus papás que o levaran de volta para a aldea, e dicía:

- Avoa, ven buscarme! Os papás non me levan para aí! Eu non quero estar aquí metido!
- Non te preocupes Alberte, xa a verás na fin de semana!- dicíalle a avoa Amparo.

Ao neno non lle quedou máis remedio que afacerse á cidade.

Os primeiros días de colexio pasaba o tempo no recreo, coas mans nos petos, andando dun lugar para o outro. As profes eran moi cariñosas con el, pero el sentíase totalmente fora de lugar. Todos os seus compañeiros e compañeiras falaban castelán e el non sabía falalo. Cando saía dar un paseo coa súa nai, nas tendas tamén falaban castelán. El non sabía o que pasaba. Por qué non falaban coma el?Por que el non entendía?

Cando chegou a fin de semana a aldea, o primeiro que fixo, foi ir falar co seu avó:

- Que tal Alberte?- preguntou o avó.

- Mal avó, non quero volver! Alí non falan coma nós, non entendo o que din, estou metido no piso e non podo xogar coas pas, coa terra, facendo cousas!

- Non te preocupes, meu fillo- dixo o avó- Vas aprender de camiño, xa o verás.

Pasou o tempo e Alberte aprendeu tamén a falar o castelán. Seguía indo á aldea todas as fins de semana e continuaba xogando cos veciños. O que máis lles gustaba era facer cabanas e, ao longo da súa infancia, fixeron 3 ou 4 nas árbores: unha nunha cerdeira, outra nun castiñeiro, outra apoiada nunha camelia...Un dos amigos, chamado Ovidio, dicíalle:

- Alberte, trae puntas e pídelle o martelo a teu avó.
- Vale, xa vou!- contestaba o neno todo alporizado de ledicia.
- Ah, e busca unhas táboas!- pedíalle.

El facía de pinche e como o avó lle prestaba todas as ferramentas (puntas, táboas, martelos,...), el ía todo contento. Así os seus veciños, que eran maiores ca el, facían a cabana. Logo, cada día subían a ela e pasaban alí moito tempo, incluso, unha noite quedaron durmir alí cun dos amigos maiores!

Pero, Alberte seguía sen entender por que na aldea falaban galego e na súa cidade castelán. E coma sempre, seguía preguntándolle ao seu avó:

- Avó, por que nós falamos galego?
- Vouche contar unha historia- dixo o avó.

"Cando eu era un neno pequeno, tamén ía a unha escola que había aquí na aldea. A mestra tiña moi mal xenio, pegaba cunha variña que tiña cando non sabías unha cousa e dicíanos que non podíamos falar galego, que

tiñamos que falar castelán, que o galego era de aldeáns, de pailarocos e que, se queríamos chegar a algo na vida, tiñamos que falar en castelán, porque se falabamos en galego na cidade, íanse rir de nós. Eu paseino moi mal porque non era coma agora, non había radio nin televisión nin libros e, os meus pais e todos os meus veciños, só falaban galego. Así que tiña que atender moito na escola para saber contestar en castelán. Alí había algúns que eran da vila e sabían falalo, pois os seus pais viñan de fóra e tiñan negocios, polo que sabían falar ben o castelán e, cando eu contestaba algo mal, ríanse de min!"

- Que malos avó! Cómo podían rirse de ti por falar galego?
- Eran outros tempos, meu neno; mellor que non volvan nunca - dicía o avó Toño.
- Pero mamá e papá tamén falan galego. Cómo é que os demais non o falan?- preguntaba Alberte moi sorprendido.
- Teus pais foron criados na aldea e sempre falaron galego. Cando foron para Lugo estudar, xa non se rían deles por falar galego e, aínda que tiñan que a estudar en castelán, nunca quixeron perder o galego.
- E logo, a min porque non me ensinaron o castelán? - continuaba o neno estrañado.
- Porque estaban moi convencidos de que, tan pronto chegaras ao colexio, aprenderías o castelán moi axiña e, sabes?, é moi enriquecedor saber dúas linguas ou máis. Ti nos ves que eles saben tamén falar castelán?- contestáballe o avó Toño.

- Claro que saberán. Ás veces vexo a mamá e a papá falar con algunha xente en castelán, pero comigo nunca o falaron e eu non o sei facelo ben!
- Non te preocupes, Alberte, xa o aprenderás. Que fales galego non che vai impedir falar castelán.
- Pero por que teño que aprender tanto? A min chegábame aprender castelán ou galego, non os dous!

O avó intentaba convencer ao seu neto de que saber moitos idiomas era moi doado, porque así podería falar con moita xente doutros lugares. Por iso lle puxo un bo exemplo:

- Mira, Albertiño. Lembras a Miguel, o neno que veu no verán xogar contigo, que viña de Suiza?
- Si, si, era moi amigo meu.
- Pois Miguel sabe falar galego, castelán, francés, inglés e italiano!
- Tanto, avó? Quen lle ensinou?- preguntou Alberte.

O avó percibiu que o neno xa empezaba a interesarse polo que lle estaba a contar e díxolle:

- Pois o galego e castelán a súa nai, francés a súa avoa, que é francesa e italiano, o seu pai! E no cole está aprendendo inglés.
- Pero avó, para que nos vale logo o galego? Non sería mellor aprender só o castelán?- insistía o neno.
- Ti non ves que canto máis saibas, mellor? Ti querías non saber falar galego? Non che gusta o que falamos nós contigo? Ti non ves cantas palabras bonitas sabemos? A ver, dime as palabras que máis che gustan.

E Alberte quedou pensando en palabras fermosas que el coñecía e díxolle ao avó:

- Pois nai, pai, avó, avoa, padriño, madriña, bolboreta, meitugueiro…, e todos os contos e cancións que me ensinas!

Ao que o lle contestou o avó:

- Ves, se se perdera o galego, perderíanse todas esas palabras tan bonitas!
- Tes razón avó, xa o entendo. Prométoche que eu nunca esquecerei o galego. Aprenderei moitas linguas porque me gusta moito aprender, pero sempre que poida, falarei en galego.
- Estou seguro que si- dixo o avó máis tranquilo- Tes a quen imitar, rapaz! Os teus pais nunca o esqueceron!

E así foi. Alberte viaxou moito polo mundo e agora está vivindo nunha cidade na que falan só en inglés, pero aínda así, nunca se esquecerá do galego. Sempre que pode, fálao con todos os seus amigos e familiares.

O avó xa non está, pero seguro que desde onde estea botará un sorriso vendo ao seu neto falando o galego cada vez que ten oportunidade!! El di que é o idioma máis bonito mundo!!!!!

Mª Carmen Ogaza Rojas